

CONDUCCIÓN DE GRUPOS EN BICICLETA DE MONTAÑA

1.- Estructura e procedemento da proba:

Exame teórico: 50'

- 20 preguntas tipo test sobre partes e compoñentes da bicicleta. Tres opcións de resposta donde so unha é correcta. Respostas correctas 1 punto, incorrectas -0,5, as non contestadas non restan. É necesario ter 10 puntos para aprobar.
- 10 preguntas curtas sobre conducción e itinerarios. Cada pregunta ten un valor de 1 punto, é necesario ter 5 puntos para aprobar.

Exame práctico de mecánica: 30'

- Recoñecer unha avería e facer a súa reparación.

Exame práctico de conducción de grupos en bicicleta: 90'

- Circuito de habilidades e conducción
- Realizar unha ruta de bicicleta de montaña dirixindo a un grupo de clientes, dándolles as indicacións oportunas sobre manexo de bicicleta, normas de circulación, ética do ciclista de montaña, detalles técnicos, normas básicas de seguridade e interpretación do patrimonio e a paisaxe.

2.- Criterios de avaliación:

- Recoñecer os distintos tipos de bicicletas e diferenciar as distintas modalidades deportivas de bicicleta de montaña.
- Identificar a evolución da bicicleta e os seus compoñentes.
- Describir os compoñentes da bicicleta e a súa funcionalidade.
- Indicar o material persoal e complementario para a realización de itinerarios en bicicleta explicando as súas características e funcionalidade.
- Adaptar a bicicleta e os elementos da bicicleta ás características individuais do condutor.
- Desmontar e montar correctamente os elementos básicos da bicicleta utilizando as ferramentas adecuadas con destreza.
- Diagnosticar e reparar avarías como picadas, bielas, cadeas, freos, axuste de cambio, dirección.
- Conducir a bicicleta con seguridade, eficacia e equilibrio en diferentes tipos e estados do terreo.
- Manter un ritmo adecuado en subidas continuadas.
- Realizar a técnica eficaz de conducción en subidas e baixadas pronunciadas.
- Describir e explicar as normas de circulación na ruta.

- Enumerar a información que debe recibir o cliente sobre os consellos e aspectos técnicos a ter en conta na conducción de bicicletas.
- Guiar ao grupo con seguridade e eficacia

3.-Criterios de cualificación:

- Exame teórico: 30%
- Exame práctico de mecánica: 20%
- Exame práctico de conducción: 50%

4.- Material necesario:

- Bolígrafo
- Casco
- Culote